

# SOLUCIÓNS 1º AGRUPAMENTO

## SEMANA 8

### Páxina 151

1. Cooperativas: modelo de organización empresarial en que os/as traballadores/as e os/as consumidores/ as se unen para producir e adquirir produtos en común.
2. A granel: sen envase.
3. Voceiro: representante, portavoz.
4. Esmagar: presionar unha cousa para desfacela.
5. Ínfima: extremadamente pequena.

2. Numerosas familias recorren ás cooperativas de consumo responsábel. Consumir os produtos propios de cada estación contribúe ao aforro. O incremento do número de colectivos agroecolóxicos está relacionado coa vida saudábel. A calidade dos produtos agroecolóxicos supera á doutros produtos.

3. Resposta aberta. Por exemplo as froitas de xaneiro; limón, laranxa, en febreiro: mandarina, piña....

### Páxina 156

1. Ceibar: lanzar un obxecto contra alguén ou algo.

Decatarse: tomar consciencia de algo.

Fortuna: conxunto de bens e riquezas. Gran cantidade de diñeiro.

Sedela: fío moi resistente, xeralmente de nailon, que se utiliza para pescar.

Foso: escavación longa e profunda que rodea unha fortaleza.

Liteira: cada unha das camas que se colocan unha enriba da outra.

2. Resposta aberta. Por exemplo: “ O desengano”, “Pesca de todo menos peixe”, “ Os príncipes ras”, “ A familia Monster”.

3. A cobiza acaba por levarnos á perdición. O protagonista do conto desexaba ser rico e pediullo a un pozo que a xente consideraba máxico. Caeu dentro do pozo e conseguiu todas as moedas que puidese desexar, mais non puido saír de alí.

4. No conto aparecen dous personaxes, o pescador e o peixe bota. O relato xoga coa posibilidade de que a bota capturada polo pescador sexa, en realidade, un peixe cunha excelente camuflaxe.

5 Xa mo enviastes a min.

6. O personaxe de “O pozo dos desexos” desexaba ser rico, mais caeu ao pozo por accidente.

O pescador de “Pesca no lago” pescou un peixe mais acabou por ceibalo.

O príncipe e a princesa da terceira historia foron felices aínda que se converteron en ras.

No conto “O monstro” Marcelo asústase do seu propio irmán.

7. Nos catro contos utilízase a voz narrativa testemuña en 3.<sup>a</sup> persoa, que sabe todo o que lles sucede e todo o que pensan os personaxes e que o conta desde unha perspectiva externa á historia.

8. “O pozo dos desexos”: desenvólvese no propio pozo dos desexos, tanto no seu exterior como no interior. Ten relevancia para a trama porque é o que xustifica o comportamento do personaxe e acaba sendo tamén o que provoca o seu final.

“Pesca no lago”: a acción transcorre dentro dunha barca de pesca nun lago. O espazo non resulta particularmente relevante para a trama.

“O príncipe e a princesa”: este relato presenta dous espazos diferentes; en primeiro lugar a torre máis alta do castelo, onde viven o príncipe e a princesa como humanos; e, en segundo, a poza á cal se trasladan cando se transforman en ras.

“O monstro”: a acción ten lugar no interior do cuarto de Marcelo.